

**CONCELLO  
DE VIGO**



# Centenario do Día do Libro Vigo 2026

**ABRIL**

**Xoves 23**

**Venres 24**

**Sábado 25**

**VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR**

## INTRODUCCIÓN



O Concello conmemora este ano o Día do Libro na nosa cidade con tres xornadas de actividades para todas as idades. O programa inclúe encontros con escolares, faladoiros con narradores e poetas, ilustración en directo ou lecturas públicas.

Os días 23, 24 e 25 de abril, Vigo lembrará, cun programa ambicioso e coherente, a tradición editorial e literaria da nosa cidade. Aquí iniciouse o Rexurdimento da nosa literatura. E tamén foi Vigo o lugar onde investigou e resolveu os seus casos o gran Leo Caldas, o personaxe das novelas de Domingo Villar.

O obxectivo central desta programación é que a cidade de Vigo participe e goce do Día do Libro con actividades centradas na lectura e no libro, nas escritoras e escritores e na reflexión sobre a importancia do libro e da lectura nas nosas vidas. Ao tempo, quere servir de homenaxe á figura de Domingo Villar.

Búscase a participación de toda a cidadanía, por unha banda, na figura dos colexios participantes e, por outra, nas lecturas abertas ao público.



## PROGRAMA



### 23 ACTIVIDADE CON ESCOLARES

XOVES 11:30 h 📍 Praza de Compostela

Xuntanza de escolares de sexto curso de Primaria da nosa cidade, diante da escultura na honra de Domingo Villar na Praza de Compostela. O editor e escritor Francisco Castro recibirá ao alumnado e explicará a singularidade da celebración do Día do Libro, así como a importancia da nosa cidade no Rexurdimento da Literatura Galega, sen esquecer a figura inmensa de Domingo Villar. O alumnado dos centros asistentes participará activamente coa lectura de textos da súa autoría sobre os libros, as lecturas e as bibliotecas.

### LECTURA PÚBLICA DE TEXTOS LITERARIOS

17:30 h 📍 Praza de Compostela

A cidadanía viguesa está convidada a ler textos literarios diante da figura de Domingo Villar. Poden ser textos do autor vigués ou de calquera outra escritora ou escritor que así o desexe, da literatura galega, española e universal. A idea é facer unha gran festa da literatura mundial na voz das viguesas e dos vigueses. Cada participante disporá duns cinco minutos diante do micrófono.



O acto contará coa actuación da agrupación instrumental e vocal de Son das Flores, un proxecto musical, social e pedagóxico nado no CEIP Vicente Risco en outubro de 2021. Coa música como ferramenta de transformación social, esta orquestra está integrada por 70 nenas, nenos e adolescentes de 18 nacionalidades de entre 5 e 15 anos. O seu repertorio viaxa dende composicións orixinais ata adaptacións de temas tradicionais doutras culturas. O obxectivo deste proxecto é que, nun ambiente lúdico e afectivo, a rapazada se desenvolva non só musicalmente, senón tamén como persoas, fomentando valores de convivencia, construíndo, dende o barrio “das Flores” de Teis, unha sociedade máis inclusiva e solidaria.

# 24

VENRES

## CONTOS DAKÍ CRIS DE CALDAS: DE AMOR, SEXO E MORTE

19:30 h  Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas


Avenida Martínez Garrido, 21

Con motivo da celebración do Día do Libro, a biblioteca organiza unha sesión especial de contos para público adulto dentro do ciclo Contos Dakí, unha proposta estable de narración oral que achega diferentes voces e estilos ao noso espazo cultural. Nesta ocasión contaremos coa presenza de Cris de Caldas, que presentará o seu espectáculo **“De amor, sexo e morte”** unha sesión chea de humor, emoción e complicidade co público.

A actividade ofrece un espazo de encontro arredor da palabra viva, no que as historias convidan á reflexión, á risa e á memoria compartida. A través da forza da narración oral, as persoas asistentes poderán vivir unha experiencia cultural diferente, pensada para gozar sen présas e deixar voar a imaxinación.

Con esta proposta, a biblioteca reafirma o seu compromiso coa dinamización cultural e coa promoción da lectura, celebrando o libro non só como texto escrito, senón tamén como voz, escena e comunidade.

## FALADOIRO DE NARRADORAS E NARRADORES: POR QUE ESCRIBIMOS? POR QUE LEMOS? POR QUE AMAMOS OS LIBROS?

20:00 h  Salón de actos da Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Entrada libre até completar aforamento.

Participan: Pedro Feijóo, Guada Guerra e An Alfaya.

Modera: Francisco Castro.

Durante este acto, a ilustradora Kristina Sabaite realizará unha obra pictórica diante do público.

**PEDRO FEIJÓO.** Escritor e músico vigués, é un dos autores máis lidos da narrativa galega actual. Acadou gran éxito con thrillers como *Os fillos do mar* ou *Un lume azul*. A súa obra combina intriga, historia e identidade galega. Tamén desenvolve unha intensa actividade como articulista en prensa.

**GUADA GUERRA.** Xornalista e escritora, desenvolve o seu traballo entre a comunicación e a creación literaria. A súa obra destaca pola sensibilidade social e por unha voz contemporánea. Colabora en medios e participa activamente en proxectos culturais.

**AN ALFAYA.** Recoñecida escritora galega, especialmente no ámbito da literatura infantil e xuvenil. Premio Lazarillo e Premio da Cultura Galega, entre outros. A súa obra combina compromiso social e calidade literaria. É unha figura clave na promoción da lectura.

**KRISTINA SABAITE.** Ilustradora e artista visual, desenvolve un estilo persoal e recoñecible. Traballa en proxectos editoriais e expositivos, combinando técnicas e linguaxes diversas. A súa obra destaca pola forza estética e narrativa.

**FRANCISCO CASTRO.** Escritor, editor e músico galego cunha ampla traxectoria na narrativa e na literatura infantil e xuvenil. A súa obra foi recoñecida con diversos premios e traducida a varias linguas. Comparta a creación coa xestión cultural e a música.



# 25

## FALADOIRO DE POETAS: ESCRIBIR POESÍA, LER POESÍA, SER POETAS

SÁBADO

12:00 h  Salón de actos da  
Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2.

Entrada libre até completar aforamento.

Participan: Silvia Penas, Samuel Merino e Román Raña.  
Modera: Xina Vega.

**SILVIA PENAS.** Poeta e performer, combina palabra, música e escena nos seus espectáculos. A súa obra poética destaca pola forza expresiva e a experimentación. É presenza habitual en festivais e propostas escénicas innovadoras.

**SAMUEL MERINO.** Escritor e dinamizador cultural, vinculado á creación literaria e á promoción da lectura. Participa en diversos proxectos culturais e eventos literarios. A súa obra destaca pola mirada actual e próxima.

**ROMÁN RAÑA.** Poeta e docente, é unha das voces destacadas da poesía galega contemporánea. A súa obra explora a memoria, o territorio e a identidade. Participa habitualmente en recitais e iniciativas culturais. Compaxina creación e ensino.

**XINA VEGA.** Escritora e creadora escénica, traballa entre a literatura, o teatro e a performance. A súa obra destaca pola súa personalidade e risco artístico. Participa en múltiples proxectos culturais contemporáneos.

CONCELLO  
DE VIGO



Descarga o programa



- Lecturas públicas
- Actividades educativas · Faladoiros



- Praza de Compostela · Casa Galega da Cultura
- Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas